

“Que ‘di’ o raposo?” A raposa enmascarada: como o folclore afecta ás unidades fraseolóxicas¹

“What Does the Fox Say?” Foxes in Disguise: How Folklore Affects Phraseological Units

Alba Quintairos-Soliño²

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Universidade de Vigo

<https://orcid.org/0000-0003-0064-1695>

aquisol@cirp.gal / alba.quintairos.solino@uvigo.gal

Resumo: Fraseoloxía, cultura e identidade van da man, tal e como apuntan estudos de investigadoras como Ortiz Alvarez (2021) ou Masłowska (2020). Isto parece suxerir que a percepción que cada cultura ten do raposo acabará permeando na linguaxe e quedando fixa en todo tipo de unidade fraseolóxica (UF), cuxo sentido só poderá comprenderse se se ten en conta o abano de características asociadas tradicionalmente ao símbolo “raposo”. A través da análise de 125 unidades fraseolóxicas que conteñen referencias explícitas a este animal en diversas linguas, neste traballo pretendemos mostrar como as percepcións sobre a raposa se entrelazan ou diverxen dependendo da lingua que se analice co obxectivo de tratar de determinar cal é a identidade do raposo e como evolucionou ao longo da historia. Debido á maioritaria presenza deste animal en Europa, Asia e América do Norte, a mostra das UF foi tomada de linguas presentes nestas rexións; en concreto, do chinés, o xaponés, o inglés, o alemán, o sueco, o español e o galego.

Palabras clave: Alteridade; unidade fraseolóxica; cultura popular; evolución; raposo.

Abstract: Phraseology, culture and identity go hand in hand, as suggested by scholars such as Ortiz Alvarez (2021) or Masłowska (2020). This could mean that each culture's perception of foxes will permeate languages sooner or later, being fixed in all types of phraseological units (PU). Thus, these PUs' meanings can only be grasped if one knows the features associated to the symbol known as “fox”. In this research, 125 PUs in different languages containing explicit references to this animal have been analysed. The aim is to determine what identity is attributed to foxes and how it has evolved throughout history. Due to the overwhelming geographical presence of foxes in Europe,

¹ Data de recepción: 01.07.2021. Data de aceptación: 06.08.2021.

² Co apoio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Asia and North America, the sample has been extracted from languages spoken in these regions, i.e.: Chinese, Japanese, English, German, Swedish, Spanish and Galician.

Keywords: Otherness; phraseological unity; popular culture; evolution; fox.

1. Introducción

En 2013, o dúo cómico noruegués Ylvis lanzaba a súa canción *What does the fox say?* acompañada dun vídeo musical que conta, actualmente³, con máis de mil millóns de visualizacións na plataforma YouTube. A premisa da canción é sinxela: aínda que sabemos que ruído fan o resto dos animais, descoñecemos que “di” o raposo. Neste traballo non afondaremos nesta cuestión, mais sérvenos de partida para preguntarnos xustamente o contrario: que “dicimos” nós do raposo?

De acordo con Ortiz Alvarez (2021: 66), “a lingua ten o papel de representar as prácticas empregadas polas persoas, pois manifesta as actitudes, coñecementos, crenzas, ideoloxías, comportamentos e valores dunha determinada comunidade lingüístico-cultural”. Ademais, a autora destaca como estas prácticas culturais quedan reflectidas moi claramente nas “expresións idiomáticas, unha herdanza cultural da lingua que provén do discurso” (2021: 69). Isto significa que a análise das expresións idiomáticas —é dicir, das unidades fraseolóxicas (en diante, UF)— poderá dar, como resultado, unha imaxe máis ou menos clara da concepción dun fenómeno por parte dunha determinada cultura. Esta hipótese estaría confirmada por Masłowska (2020), quen afonda na relación entre folclore e fraseoloxía ao establecer unha correlación entre os esquemas preconceptuais dunha cultura (no seu caso, a polaca) e as distintas UF da lingua analizada; deste xeito, a concepción de que se considera o propio (“Nós”) e o alleo (“os Outros”) determina a fraseoloxía que xira arredor do alén.

Sen deixar de lado o carácter cultural das UF, estas adoitan conter, ademais do compoñente figurativo, un símbolo “formado polo influxo da historia e a cultura e percibido, con frecuencia, polos falantes dunha lingua” (Baránov e Dobrovol’skij, 2009: 206). En consecuencia, podemos suxerir que a percepción que cada cultura ten do raposo acabará permeando na linguaxe e quedando fixa en todo tipo de UF, cuxo sentido só poderá comprenderse se se ten en conta o abano de características asociadas tradicionalmente ao símbolo “raposo”.

A través da análise de 125 unidades fraseolóxicas que conteñen a palabra *raposo* en diversas linguas, neste traballo pretendemos mostrar como as percepcións sobre este animal se entrelazan ou diverxen dependendo da lingua que se analice para tratar de determinar cal é a identidade do raposo e como evolucionou ao longo da historia. Debido á maioritaria presenza deste animal en Europa, Asia e América do Norte, a mostra das UF foi tomada de linguas presentes nestas rexións; en concreto, do chinés, o xaponés, o inglés, o alemán, o sueco, o español e o galego.

³ A 28 de xuño de 2021, o número total de reproducións ascende a 1 015 519 921.

2. De leste a oeste: a raposa a través das unidades fraseolóxicas

Moi comúns en Eurasia e Norteamérica, os raposos⁴ (*Vulpes vulpes*) están arrodeados de lendas e mitos que forman parte do imaxinario colectivo de numerosas culturas. Como non podería ser doutra maneira, a visión que cada sociedade ten destes animais reflíctese na linguaxe e, máis concretamente, na fraseoloxía, non só por tratarse dun símbolo común destas culturas, senón tamén porque, como apuntan Dobrovol’skij e Piirainen (2005: 323): “Words denoting animals play an important role in conventional figurative language. Every language analysed in this respect contains a group of idiom- or proverb-constituents denoting animals – domestic animals as well as wild animals, birds, fish, insects, etc.”.⁵

Boss (2020: 8) sinala que as raposas son animais cunha gran capacidade de adaptación, o que lles permite sobrevivir en contornas moi variadas. A habilidade de subsistir en localizacións tan diversas e o seu gusto polas zonas rurais habitadas, xunto coa súa reticencia a seren domesticadas, convérteas en seres liminares, periféricos, que se resisten a pertencer ao que o grupo predominante considera o “Nós”. Seguindo os principios da configuración da identidade a partir da alteridade, “definir al ‘Otro’ a partir de sus diferencias [...] sirve, a su vez, para configurar al ‘Yo’, quien no será aquello que define al ‘Otro’”⁶ (Quintairos-Soliño, no prelo). En consecuencia, se as raposas non son o “Nós”, deberán ser, necesariamente, o “Outro” e, por outra parte, as características atribuídas polo grupo dominante (o “Nós”) a este animal alterizado, que leva a cabo unha obstinada oposición a ser domesticado, serán negativas e contrarias ás que se atribúen aos animais domesticados ou con tendencia a respectar as marxes da periferia na que se atopan. Isto dá lugar á figura da raposa como embusteira, un arquetipo “that appears in myths, legends, stories, poems, fables, and other cultural narratives around the world”⁷ (Boss, 2020: 8). Non obstante, a imaxe do raposo está chea de contradicións: en xeral, considérase un ser sobrenatural (xeralmente, divino ou demoníaco), mais tamén un embusteiro nato que, a miúdo, perde ante outros animais considerados máis febles (Uther, 2006: 138). Esta dualidade filtrase na linguaxe, dando lugar a unidades fraseolóxicas —de uso máis ou menos cotián— que resultan contrapostas, como veremos máis adiante. Esta “dobre personalidade” do raposo percibida (e perpetuada) a través da lingua non é unha cuestión

⁴ Neste traballo, empregaranse os termos *raposo* e *raposa* de forma indistinta agás naqueles casos nos que o uso dun xénero concreto implique unha determinada connotación na UF; cando isto suceda, sinalarase este fenómeno xunto á propia UF ou nunha nota a rodapé. O uso indistinto de *raposo* e *raposa* nesta investigación responde a un sentido etimolóxico, tal e como recolle o *Diccionario etimológico castellano en línea*, onde se explica que o emprego do feminino *raposa* é máis habitual e “viene de antiguo, pues el vocablo más propiamente latino *vulpes* (zorra) era femenino y de género epiceno” [en galego: “vén de antigo, pois o vocábulo *vulpes* (raposa) era feminino e de xénero epiceno”].

⁵ Tradución propia: “Os termos que denotan animais teñen un papel importante na linguaxe figurada convencional. Todas as linguas analizadas neste respecto conteñen un grupo de constituíntes baseados en frases feitas ou proverbios que denotan animais, tanto domésticos como salvaxes, aves, peixes, insectos, etc.”.

⁶ Tradución propia: “definir o ‘Otro’ a partir das súas diferenzas [...] serve, á súa vez, para configurar o ‘Eu’, quen non será aquilo que define o ‘Otro’”.

⁷ Tradución propia: “que aparece en mitos, lendas, historias, poemas, fábulas e outras narrativas culturais de todo o mundo”.

trivial, pois mostra a complexidade da relación entre o ser humano e un animal salvaxe a miúdo descrito pola súa astucia.

2.1. A raposa no sueste asiático: o caso do chinés e do xaponés

De acordo con Lee (2011: 136), no leste asiático, o acervo popular sobre a raposa tivo a súa orixe na China e despois expandiuse cara ao leste, chegando a Corea ou a Xapón. Foi na China da dinastía Han onde, de acordo con Misfeldt (2020: 7), podería ter a súa orixe a crenza (compartida por numerosos folclores) de que as raposas teñen a capacidade de transformarse noutras especies e, en concreto, en seres humanos. Aínda que, debido á complexidade do folclore e ao seu carácter transnacional, este feito non pode afirmarse con certeza, o certo é que é no chinés onde atopamos unha UF directamente relacionada con esta crenza: 狐狸尾巴 (literalmente, 'o rabo da raposa'). Esta UF emprégase para referirse a aquelas persoas que mostran as súas verdadeiras intencións a través das súas palabras ou actos, xa que a orixe da expresión está na crenza de que os "demos-raposos" da mitoloxía chinesa, que tiñan a capacidade de transformarse en humanos, revelaban a súa identidade ao mostrar accidentalmente a súa cola.

Por outra parte, na China, "foxes which took human form were mostly predators or tricksters [...], but in some cases could be virtuous wives and mothers"⁸ (Lee, 2011: 136). Non obstante, como a propia autora sinala, a imaxe da raposa non era a mesma en toda a rexión, pois, malia presentar certas características comúns, "folktales and legends developed quite different nuances in different countries"⁹ (Lee, 2011: 136). En calquera caso, podemos observar como, mesmo na orixe dunha mesma crenza (a raposa como ser metamórfico), xa se introducían percepcións contrapostas (animal predador vs. nai cariñosa; criatura embusteira vs. esposa casta). Neste sentido, Hungtinton (2003: 1-2) ofrece unha explicación a por que a presenza da raposa no folclore chinés resulta tan pouco coherente:

*Humans and beasts are different species, but foxes are between humans and beasts. The dead and the living walk different roads, but foxes are between the dead and the living. Transcendents and monsters travel different paths, but foxes are between transcendents and monsters. Therefore one could say to meet a fox is strange; one could also say it is ordinary.*¹⁰

Como suxeríamos anteriormente, a alteridade, derivada dun tenso pulso entre centro e periferia, desempeña un papel fundamental na configuración do idioma e, por extensión, das UF. Deste xeito, a presenza dun elemento que, non sendo o "Nós" —representado aquí polo humano, polo vivo—, tampouco pode clasificarse totalmente como o "Outro"

⁸ Tradución propia: "as raposas que adoptaban formas humanas eran, na súa maioría, predadoras ou embusteiras [...], mais tamén eran, en ocasións, nais e esposas virtuosas".

⁹ Tradución propia: "o folclore e as lendas desenvolveron certos matices bastante diferentes en varios países".

¹⁰ Tradución propia: "Os seres humanos e os animais son especies diferentes, pero os raposos están entre ambos. Os mortos e os vivos percorren camiños distintos, pero os raposos atópanse entre os uns e os outros. Os inmortais e os monstros seguen rutas dispaes, mais os raposos sitúanse entre ambos os dous. Por iso, un podería describir un encontro cun raposo como 'raro', como tamén podería dicir que non foi nada 'fóra do común'".

—o animal salvaxe e irracional, o morto ou o monstruoso— debido á súa resistencia, incomoda a quen se cre no centro e ve perigar a súa posición dominante. Deste xeito, e co fin de preservar a posición central do “Nós”, teríase xerado un discurso sobre o raposo que mestura a percepción, máis ou menos neutra, que se ten do animal con valores negativos non atribuídos ao “Nós” para dar lugar a unha imaxe subxectiva que, antes ou despois, acabará fixada no símbolo.

En chinés denomínase coa UF 谈狐说鬼 (‘discurso de raposos e espíritos’) a actividade consistente na narración oral de contos *zhiguai*¹¹ entre a elite (Chiang, 2005: 12), o cal demostra a importancia da figura da raposa na vida cotiá do momento, como podemos observar nas UF 狐魅不成村 (‘Non pode haber unha vila sen un ‘demo-raposo’¹²) e 唐初以来, 百姓多事狐 (‘Dende os tempos dos Tang, a xente común tivo que aplacar raposos’). Non obstante, esta importancia é relativa, pois “few of these raconteurs, listeners, authors, or readers [...] would have described foxes as central to their lives. Rather, foxes appeared at the edges - a strange noise in the attic, a desperate treatment for an illness, a curious tale told after dinner, a bit of light reading”¹³ (Hungtinton, 2003: 2). De novo, observamos a presenza liminar da raposa, que se move (física e metaforicamente) nas marxes, ben sexa para explicar un ruído de orixe descoñecida nun faiado ou a busca dun tratamento milagreiro para unha enfermidade que parece incurable.

Malia non ter unha presenza central, senón liminar, as raposas son absolutas protagonistas dos contos tradicionais chineses, así como de moitas obras literarias. Segundo Zhiqiang (2014), os contos de raposas son os máis numerosos e de maior calidade dentro do seu xénero e, grazas a iso, pódese establecer unha evolución histórica da imaxe da raposa:

*In Song Dynasty, the divinity of fox enhanced furtherly. [...] The number of fox story drastically reduced and the image of the fox spirit was widely vilified. [...] Through carefully reading the story, we can find that the image of the fox spirit is closely related to barbarian, prostitutes, ghosts, displaced persons, officials. The fox spirit symbolizes the Western barbarian in the early stage especially in the Tang Dynasty.*¹⁴ (Zhiqiang, 2014: abstract)

¹¹ Os contos *zhiguai* son un tipo de literatura aparecida na dinastía Han que trata a existencia do sobrenatural (deuses, espíritos, monstros etc.) e que naceu co obxectivo de “provide a context by which the unknown may be ascribed names and meanings and therefore become ‘known’, controlled, and used” [“ofrecer un contexto no que ao descoñecido se lle puña nome e se lle atribúa un significado para facelo ‘coñecido’, para controlalo e para facer uso del”] (Chan, 1998: 27-28).

¹² O “demo-raposo” ou *Huli jīng* é unha criatura máxica do folclore chinés inspirada no raposo.

¹³ Tradución propia: “Poucos destes contacontos, oíntes, autores ou lectores [...] describirían as raposas como centrais nas súas vidas. No seu lugar, as raposas aparecían nas marxes: un ruído estraño no faiado, un tratamento desesperado para unha enfermidade, un misterioso conto que se narra despois de cear, unha lectura lixeira...”.

¹⁴ Tradución propia: “Na dinastía Song (960-1279), aumentou o carácter divino do raposo. [...] O número de contos sobre raposos caeu drasticamente e a imaxe do espírito-raposo viuse denigrada. [...] Se lemos con detenemento as historias sobre os espíritos-raposos, veremos que a imaxe destes está moi relacionada coa dos bárbaros, as prostitutas, as pantasma, os desprazados ou marxinaados, os funcionarios. Especialmente a comezos da dinastía Tang (618-907), o espírito-raposo simboliza os bárbaros occidentais”.

Neste sentido, convén ter presente que “toda lingua é dinámica e as súas manifestacións provocan mudanzas sociais e, consecuentemente, novas formas e novas necesidades expresivas que se renovan e, ao introducir novos sentidos, elas tamén constrúen identidades” (Ortiz Alvarez, 2021: 67). Así, a imaxe da raposa mudou da man da popularidade dos contos nos que era protagonista: cando estes comezaron a minguar a súa presenza no panorama cultural, a imaxe dos raposos (que pasara de ser símbolo dos marxinados a ter un carácter divino sobresaínte) viuse novamente denigrada ata caer en desgraza.

Así mesmo, a finais do século XVIII, viu a luz *Yuewei caotang biji zhuyi*, un compendio de cinco obras escritas por Ji Yun, un erudito da dinastía Qing, que se centra na recompilación de historias de temática sobrenatural. Nesta obra, as raposas, que aparecen continuamente, son intelixentes, cultas e sedutoras, mais tamén son febles física e psicolóxicamente. Este carácter argalleiro e atractivo do animal que nos ocupa queda reflectido, así mesmo, na UF 狐媚魔道 (e na súa variante 狐媚魔倒), é dicir, ‘As artimañas da raposa e a capacidade de embelesar’, a cal se aplica a persoas (especialmente, mulleres) cativadoras e traizoeiras que usan os seus encantos para seducir e facer caer a alguén nunha trampa. Nesta mesma obra de Ji Yun, queda tamén patente un novo elemento do carácter das raposas, pois, segundo Walford (2008), “foxes like to meddle with human affairs by punishing and publicly exposing especially immoral individuals”¹⁵. É dicir, os raposos, que non pertencen ao grupo dominante, actúan como xuíces e castigadores daqueles individuos que, pertencendo ao “Nós”, non mostran un comportamento axeitado ás normas socioculturais do grupo. Polo tanto, o raposo, como gardián da orde social, adquire a función de sinalar o membro díscolo do grupo dominante, que, xeralmente, deixaría de formar parte del, o que, de novo, sitúa este animal nunha posición a medio camiño entre o centro e a periferia.

No caso de Xapón, a imaxe máis estendida do raposo chegou da China a través de Corea. O coñecido niponólogo Lafcadio Hearn publicou en 1894 *Glimpses of Unfamiliar Japan*, onde incluíu unha pormenorizada descrición do culto aos raposos no país. Nela, relaciona directamente as crenzas sobre este animal (coñecido como *kitsune* en xaponés) co culto a Inari, deusa do arroz e dos cultivos. Esta deusa adoitaba estar representada sobre un raposo branco, animal vinculado aos cultivos ao ser un depredador natural dos ratos, mais, co tempo, a figura do raposo “usurped divinity”. Na súa descrición, Hearn converte o *kitsune* directamente no embusteiro, unha figura que traizoaría a deusa para converterse na auténtica divindade da agricultura. Non obstante, o proceso é bastante máis complicado e entran en xogo factores como as distintas influencias chegadas de lugares como a India ou a China, as crenzas autóctonas nipoas e mesmo a propia posición da raposa no día a día do país.

Sexa como for, Hearn describe as raposas como seres sobrenaturais que poden ser bos ou malos. Deste xeito, a raposa vinculada á deusa Inari será boa, mentres que o *hitogitsune* (literalmente, ‘raposo-humano’) estará relacionado con aspectos negativos

¹⁵ Tradución propia: “Aos raposos gústalles inmiscirse nos asuntos humanos, castigando e expoñendo publicamente aqueles individuos especialmente inmorais”.

e, especialmente, coas posesións demoníacas. Precisamente, a habilidade que ten o *hitogitsune* de posuír os corpos dos seres humanos aparece reflectida en UF como 狐につままれたような顔 (‘ter a faciana posuída por un raposo’), que se emprega para sinalar que alguén parece estar confundido ou desconcertado. A perplexidade ou confusión tamén pode deixarse patente coa locución verbal 狐につままれる (‘ser beliscada/o por unha raposa’), mais, lonxe da posesión corporal, neste caso alúdese á personalidade falcatrueira destes seres, que probablemente enfeitizaron dalgún xeito a persoa sorprendida. Se ben o *hitogitsune* está considerado como negativo, tamén pode traer prosperidade (especialmente relacionada cos cultivos) se é tratado ben, mais, se se ofende, “it will bring misfortune to the household, and ruin the crops”¹⁶ (Hearn, 1894). Misfeldt (2020: 8) tamén destaca o carácter bondadoso do raposo cando este é respectado, aínda que matiza: “they would bring their humans gifts and money, both of which often stole from their neighbors”.¹⁷

Pola súa parte, Smyers (1999, citada en Boss, 2020: 45) destaca que, en Xapón, os *kitsune* antagonizan cos cans domésticos porque, aínda que poden mostrarse submisos, en realidade non se deixan domesticar totalmente. Esta confrontación entre raposos e cans, frecuente en moi diversos folclores, deixou unha gran pegada nos contos tradicionais nipóns, mais non é tan habitual atopar referencias a esta inimizade nas UF xaponesas recollidas polos dicionarios consultados. Curiosamente, é o chinés a lingua na que se recolleron dous refráns que aluden, precisamente, a esta relación: 狐朋狗友 (‘O can e o raposo, amigos’), que se usa para describir amigos, que, en realidade, son malas influencias —cun sentido similar a “Con amigos así, quen quere inimigos?”—, e 狐群狗党 (‘Unha tobeira de raposos e unha facción de cans’), que alude a xente desagradable que pasa o tempo xunta —empregado de xeito similar a *Deus os cría e eles se xuntan*—. Por outra parte, no xaponés atopamos 狐と狸の化かし合い (‘O raposo e o *tanuki*¹⁸ engáñanse o un ao outro’), UF que se emprega cando as persoas ladinas tratan de enganarse entre elas debido á forma de ser do *kitsune* e o *tanuki* nas crenzas populares do país. Polo tanto, no imaxinario xaponés, os raposos son inimigos tanto dos cans como dos *tanuki*.

En canto á situación liminar dos raposos na cultura xaponesa, Boss (2020: 46) suxire que esta se debe aos poderes máxicos que se lles atribúen (metamorfismo, posesión, xeración de ilusións etc.), o que os converte no límite entre o humano e o animal. Non obstante, se temos en conta que gran parte do imaxinario nipón sobre o *kitsune* ten a súa orixe no *Húli jīng* ou “demo-raposo” chinés, a teoría de Boss non parece totalmente acertada: probablemente, eses poderes que se lles atribúen aos *kitsune* sexan froito da alteridade e do carácter periférico do animal e non do revés, aínda que tampouco podemos negar que o feito de atribuírlles poderes máxicos a estas criaturas contribuiría a reforzar a súa natureza liminar. De feito, Smyers (1999, citada en Boss, 2020: 46) defende que a relación entre os raposos e o salvaxe é a causa pola que o *kitsune* é visto como o causante

¹⁶ Tradución propia: “traerá desgrazas ao fogar e arruinará os cultivos”.

¹⁷ Tradución propia: “levaranlles aos humanos agasallos e cartos, ambos roubados, a miúdo, a outros veciños”.

¹⁸ O *tanuki* é coñecido en Galicia como can mapache, un mamífero similar ao mapache que, no folclore xaponés, conta con poderes máxicos similares ao dos *kitsune* e que se caracteriza por ser mentireiro, malicioso e falcatrueiro.

de fenómenos naturais estraños, como as erupcións volcánicas ou os momentos nos que chove e vai sol á vez, o que afianza a idea de que os poderes deste ser derivan da súa relación coa contorna e co grupo dominante. Por outra banda, a crenza de que as raposas e os fenómenos naturais están interrelacionados queda patente na locución substantiva 狐の嫁入り ('voda de raposo'), que fai referencia á chuvia que cae mentres o sol brilla no ceo despexado, e 狐日和 ('tempo de raposa'), que alude ao tempo cambiante.

2.2. De Europa a América do Norte: as linguas xermánicas e as latinas

A visión dos raposos que se ten en Europa (e, en gran medida, en América do Norte) vén determinada pola teoloxía cristiá medieval, a Biblia e a filosofía grega, sendo Aristóteles o principal difusor da interpretación do raposo como criatura sinistra e aldraxeira, pois, para o filósofo grego, as tobeiras construídas por estes animais era un símbolo da conexión entre o mundo e o inframundo (Boss, 2020: 8, 17). Poole (2015: 399) tamén fai fincapé nesta idea da raposa como ser dos infernos, pois na cultura anglosaxoa é un animal asociado tradicionalmente a lugares inhabitables, mentres que, en textos cristiáns como o *Physiologus*, a raposa é unha alegoría do demo: "just as the fox injures the earth by burrowing holes into it, the Devil burrows into the human soul"¹⁹ (Poole, 2015: 412). Esta asociación entre o animal e o inferno vese claramente en UF adxectivas como a alemá *fuchsteufelswild* ('salvaxe-demo-raposo'), que serve para describir unha persoa moi enfadada.

No caso do inglés, Poole (2015: 398) explica que o termo *fox* (raposa) deriva da palabra do xermánico occidental **fukhs*, que, a súa vez, ten a súa orixe no protoxermánico **fuh-*, proveniente do protoindoeuropeo **puk-* ('rabo'). Se a etimoloxía de *fox* é a sinalada, entón podería suxerir que a principal característica do raposo para as culturas xermánicas²⁰ sería o seu rabo. Curiosamente, en xaponés existe o termo 狐火, que significa 'lume de raposa' e que fai referencia á gran cola con forma de lapa deste animal, que semella un fogo fatuo na escuridade da noite. Así mesmo, no caso das culturas escandinavas, Matheson (1997) destaca a crenza popular de que as raposas son as que producen as auroras boreais, o que, dun xeito máis metafórico, vincula tamén estes animais co lume, imaxe probablemente producida pola cor vermella da súa pelaxe e a forma da súa cola.

Por outra parte, o imaxinario sobre a raposa viuse reforzado en gran medida pola publicación do *Roman de Renart*, un conxunto de poemas paródicos en francés escritos entre os séculos XII e XIII e protagonizados polo raposo antropomórfico Renart, un enredante inimigo do seu tío, o lobo Ysengrin. Para Boss (2020: 41), o Ciclo de Renart, moi exitoso en todo o continente, foi o principal propagador da percepción negativa do animal en Europa, ao que se une o feito de que o raposo era, en moitos casos, un directo competidor polos escasos alimentos e recursos dispoñibles. Se ben é certo que non hai demasiadas UF que fagan unha referencia explícita a Renart, a influencia das obras literarias na xeración de fraseoloxismos é innegable, algo que podemos observar nos

¹⁹ Tradución propia: "Así como a raposa dana a terra ao facer buracos nela, o Diaño escarva na alma humana".

²⁰ Téñase en conta que a palabra alemá para referirse ao raposo é *Fuchs*, a cal provén, claramente, de **fukhs*, polo que a etimoloxía desta palabra e a de *fox* deberían ser a mesma.

proverbios suecos “*Surt*”, *sa räven om rönnbären* (“Agres”, dixo a raposa das sorbas’) e *Släkten är värst, sa räven om de röda hundarna* (“A familia é o peor”, dixo o raposo dos cans roibos’), da fábula de Esopo “A raposa e as uvas” e dun conto tradicional sueco recollido por Landgren en 1889, respectivamente.

Para Rodríguez Valle (2014), na figura do raposo en España tiveron unha enorme influencia as fábulas de Esopo, pois estas foron reformuladas en numerosas ocasións por autores como o Arcipreste de Hita (“Enxieplo de la rraposa e del cuervo”) ou don Juan Manuel (“De lo que contesció a un raposo con un cuervo que tiene un pedaço de queso en el pico”). O imaxinario deste animal na España medieval é similar ao do resto de Europa: “la zorra se presenta como una figura de la que hay que desconfiar y como enseñanza para no dejarnos engañar por la astucia ajena”,²¹ e busca provocar medo sen motivo ningún (Rodríguez del Valle, 2014: 89-90). Non obstante, como sinala a propia autora na súa investigación, a menor presenza do raposo en América Central e en latitudes máis meridionais fixo que o símbolo do raposo chegado de Europa durante a Idade Moderna fose asumido pola figura do coiote, que adquiriu as características atribuídas, orixinalmente, ao raposo. Malia quedar fóra do ámbito de estudo deste artigo, non deixa de resultar interesante mencionar que, no Brasil, están moi estendidas as UF referidas ás *vodas de raposo* (chover e facer sol á vez), a pesar de que os raposos non son animais comúns en América do Sur. Quizais, as rutas comerciais que Portugal estableceu con Asia e o feito de que o Brasil fose un dos principais destinos para os expatriados xaponeses ata a década dos 90 (Quinteiros-Soliño, 2020a: 79) son a causa de que unha UF tan vinculada ao folclore do raposo estea presente con forza nun contexto onde as raposas non son predominantes.

3. Resultados

A busca en distintos dicionarios —na súa maioría, bilingües— do termo “raposa” arroxou numerosas UF que conteñen este animal como símbolo.

En **chinés** (táboa 1), atopáronse 24 resultados. Nelas, obsérvanse diversos feitos, como que as raposas eran un elemento común nos contos tradicionais de carácter oral na China (*discurso de raposos e espíritos*) ou que tiñan un carácter demoníaco (*Non pode haber unha vila sen un “demo-raposo”*). Ademais, preséntanse varias UF positivas (*O sobrazo dunha raposa*, que sinala o valioso que é algo, ou *A raposa sempre morre coa cabeza sinalando a súa ladeira*, que destaca o seu carácter “patriótico”), aínda que predominan as negativas, que indican covardía, fracaso, sedución ou traizón, como é o caso de *A raposa intimida a cortesía do tigre*. Destacan, entre todas elas, as que aluden á imposibilidade de cambiar a forma de ser, un esforzo en van, pois, se un *nace raposo*, dá igual que intente cambiar: *Non importa canto viva a raposa: nunca fará nada bo*, *Non importa como de astuta sexa a raposa: nunca poderá desfacerse do seu fedor* etc. Estas UF entroncan coa alteridade, pois, se temos en conta que a raposa adoitaba ser

²¹ Tradución propia: “a raposa preséntase como unha figura da que hai que desconfiar e como ensinanza para non deixarnos enganar pola astucia allea”.

un símbolo das persoas marxinadas —ou, o que é o mesmo, das persoas desprazadas ás marxes—, empregar estas expresións equivalería a dicir que non paga a pena tratar de adaptarse a un lugar nin aos seus costumes, xa que, se un non naceu nese lugar, sempre será forasteiro; igualmente, non paga a pena esforzarse en encaixar nun grupo social, pois un sempre será diferente etc.

Táboa 1. UF con 狐 [hú] (‘raposo’) en chinés²²

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
谈狐说鬼	Discurso de raposos e espíritos	Actividade consistente na narración oral de contos <i>zhiguai</i> entre a elite.
(1) 狐魅不成村 (2) 无狐魅, 不成村	Non pode haber unha vila sen un “demo-raposo” ²³	Proverbio que sinala a actitude contraditoria cara á sempiterna presenza dos raposos na vida cotiá na China da dinastía Tang.
一狐之腋	O sobrazo dunha raposa	Alude ao pelexo suave da raposa e úsase para referirse a algo valioso, á mellor parte de algo.
唐初以来, 百姓多事狐	Dende os tempos dos Tang, a xente común tivo que aplacar raposos	Proverbio que sinala a actitude contraditoria cara á sempiterna presenza dos raposos na vida cotiá na China da dinastía Tang. Tamén reflicte a importancia dos raposos na mente humana, especialmente no norte do país.
狐假虎威	A raposa intimida a cortesía do tigre	Dise da persoa covarde que só se mostra firme cando a segue ou apoia un grupo de persoas ou séquito. Tamén se usa para referirse a un tirano insignificante que só continúa no poder porque ten conexións moi poderosas.

²² UF extraídas de Chen, Zhou e Lin (1991) e Lobb (2014).

²³ Criatura máxica do folclore chinés.

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
狐狸打不成, 反惹一身臊	A raposa non só fracasou no que estaba a facer, senón que tamén acabou fedendo da cabeza aos pés	Dise cando un intento fracasa ou cando unha acción leva a consecuencias peores.
狐狸狐搨	A raposa seguirá desenterrando o que acaba de enterrar	Dise das persoas que recean e cuxos medos e sospeitas sabotan os seus esforzos.
(1) 狐媚魔道 (2) 狐媚魔倒	As artimañas da raposa e a capacidade de embelesar	Dise das persoas (especialmente mulleres) cativadoras e traizoeiras que usan os seus encantos para seducir e facer caer a alguén nunha trampa.
狐朋狗友	O can e o raposo, amigos	Úsase para describir amigos que, en realidade, son malas influencias; é dicir, aparentes "amigos" que son malas influencias e que derivan na expresión <i>Con amigos así, quen necesita inimigos?</i> .
狐群狗党	Unha tobeira de raposos e unha facción de cans	Xente desagradable que pasa o tempo xunta. Emprégase de xeito similar a <i>Deus os cría e eles se xuntan</i> .
狐裘羔袖	Unha chaqueta de raposo con mangas de pel de cordeiro	Dise de algo bo, pero que ten algún detalle ou característica non desexado; algo que presenta un defecto.
狐死兔泣	O coello chorou ao ouvir que a raposa morrera	En ocasións, tamén aparece como <i>A raposa chorou ao ouvir que o coello morrera</i> . Emprégase para sinalar que alguén se laia da morte doutra persoa, mesmo cando en vida aparentaban non levarse ben.
狐死首丘	A raposa sempre morre coa cabeza sinalando a súa ladeira	Proverbio patriótico que sinala o desexo de reunirse coa patria.

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
(1) 狐疑不定 (2) 狐疑不断 (3) 狐疑不决 (4) 狐疑犹豫	Como a raposa ten dúbidas, está indecisa	Dise das persoas que, sendo furtivas e astutas, non poden levar a cabo os seus plans debido a unha falta de determinación e valentía. O proverbio sinala o carácter furtivo e calculador da raposa, cuxa actitude deriva nun exceso de precaución que podería impedir que alcance os seus obxectivos.
狐狸尾巴	O rabo da raposa	Aplicase a aquelas persoas que mostran as súas verdadeiras intencións a través das súas palabras ou actos. A orixe desta expresión está na crenza de que os “demos-raposos” da mitoloxía chinesa (que tiñan a capacidade de transformarse en humanos) revelaban a súa identidade ao mostrar accidentalmente a súa cola.
狐狸看鸡, 愈看愈稀	Cando a raposa vixía as galiñas, a bandada vai minguando e minguando	Proverbio que se emprega cando se quere indicar que se pon unha persoa pouco fiable nunha posición importante, o que só trae problemas.
狐狸活到老, 永远难变好	Non importa canto viva a raposa: nunca fará nada bo	Proverbio que se di para expresar que a xente non pode cambiar a súa personalidade nin os seus costumes.
狐狸再狡猾, 也洗不掉一身臊	Non importa como de astuta sexa a raposa: nunca poderá desfacerse do seu fedor	Proverbio que se di para expresar que unha persoa pode tratar de enmascarar algo, pero sempre acabará revelando a súa verdadeira natureza.

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
狐狸再狡猾，斗不过好猎手	Non importa como de astuta sexa a raposa: non é rival para o máis arteiro dos cazadores	No contexto das competicións, esta expresión sinala que sempre aparecerá alguén que supere en habilidade ou aptitude unha persoa.

No caso do **xaponés** (táboa 2), a variedade de tipos de UF que conteñen a palabra *raposa/o* atopada nos dicionarios (19 resultados) demostra a riqueza deste símbolo na cultura xaponesa. Na liña dos resultados da busca en chinés, a maioría das UF detectadas son negativas, pois aluden ao carácter embusteiro do animal (*O raposo e o tanuki engáñanse o un ao outro*, *Unha raposa con pel de tigre* etc.). Porén, tamén aparecen as primeiras UF positivas: o refrán *Un abrigo caro de pel non se fai cun só raposo*, en alusión á calidade do pelaxe deste animal, e a locución *sorte de raposa*, que indica boa sorte repentina, son proba disto. Con todo, se hai un tipo de UF que destaca no xaponés, é o de carácter neutro, empregado para aludir a fenómenos diversos como a forma de cocinñar (*cocinñar á raposa*, é dicir, ata que a comida adquira a cor dourada acastañada do raposo), a elementos arquitectónicos como poden ser as celosías (*celosía de raposa*) e a outros seres vivos (como o lémure, chamado “mono-raposo”, ou a planta *Solanum mammarum*, coñecida como *berenxena de raposo* pola forma do seu froito). Ademais, retómase a idea da imposibilidade de cambiar a identidade co refrán *As crías de raposo teñen as meixelas brancas*, cun sentido similar ao de *De tal pau, tal racha*, polo que a alteridade tamén fai acto de presenza de forma explícita en xaponés.

Táboa 2. UF con 狐 [kitsune] (‘raposo’) en xaponés²⁴

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
キツネ色 <i>Kitsune iro</i>	Cor de raposo	Cor dourada acastañada. Adóitase usar en contextos gastronómicos para indicar a cor que deben tomar os alimentos ao cocinarse.
千金の裘は一狐の腋に非ず <i>Senkin no kyuu wa itsu ko no eki ni arazu</i>	Un abrigo caro de pel non se fai cun só raposo	Proverbio que expresa que gobernar un país require moitas persoas de grande importancia.

²⁴ UF extraídas do dicionario *Jisho* (Ahlström *et al.*) e de Yukari (2013).

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
狐と狸の化かし合い <i>Kitsune to Tanuki no bakashiai</i>	O raposo e o <i>tanuki</i> engánanse o un ao outro	Expresión que se usa para expresar a idea de enganarse o un ao outro. Emprégase cando as persoas ladinas tratan de enganarse entre elas.
狐につままれたような顔 <i>Kitsune ni tsumamareta you na kao</i>	Ter a faciana posuída por un raposo	Parecer ou sentirse confundida/o, desconcertada/o.
狐につままれる <i>Kitsune ni tsumarareru</i>	Ser beliscado/a por unha raposa	Estar perplexa ou confusa unha persoa.
狐に小豆飯 <i>Kitsune ni azukimeshi</i>	[Darlle] arroz cocido con fabas <i>azuki</i> ao raposo	Facer algo arriscado (como alimentar a un raposo).
狐の嫁入り <i>Kitsune no yomeiri</i>	Voda de raposo	Chuvia que cae mentres o sol brilla no ceo e este está despexado.
狐の子は頬白 <i>Kitsune no ko wa tsurajiro</i>	As crías de raposo teñen as meixelas brancas	Refrán que expresa que os fillos sempre se parecen aos pais. En español, equivale a <i>De tal palo, tal astilla</i> e en galego, a <i>De tal pau, tal racha</i> e <i>De tal pano, tal saia</i> .
狐の手袋 <i>Kitsune no tebukuru</i>	Luva de raposa	Nome común da planta <i>Digitalis</i> , coñecida en galego como <i>dedaleira</i> ou <i>estalote</i> .
狐の窓 <i>Kitsune no mado</i>	Xanela de raposa	Forma de enlazar as mans que deixa un pequeno oco entre os dedos corazón e anular.
狐拳 <i>Kitsune ken</i>	Xogo do raposo	Xogo de mans similar ao “pedra, papel ou tesoiras”, pero que substitúe estes elementos por “raposo, cazador ou xefe da aldea”.
狐日和 <i>Kitsune biyori</i>	Tempo de raposa	Tempo cambiante.

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
狐格子 <i>Kitsune gōshi</i>	Celosía de raposa	Celosía triangular dos frontóns dalgunhas casas xaponesas.
狐焼 <i>Kitsuneyaki</i>	Cociñar á raposa; cociñado á raposa	Cociñar algo ata que adopte unha cor dourada acastañada. Tamén se emprega para indicar que algo foi cociñado ata adquirir esa mesma cor (véxase <i>Kitsune iro</i>).
狐猿 <i>Kitsunezaru</i>	Mono-raposo	Lémure.
狐福 <i>Kitsunefuku</i>	Sorte de raposa	Boa sorte repentina.
狐茄子 <i>Kitsune nasu</i>	Berenxena de raposa	<i>Solanum mammarum</i> . Planta emparentada co tomate ou coa berenxena, mais de froito venenoso. É coñecida en inglés como <i>nipplefruit</i> , <i>apple of Sodom</i> , <i>titty fruit</i> ou <i>cow's udder</i> ; en portugués é <i>teta-de-vaca</i> ou <i>cabeça de raposa</i> ; e en catalán, <i>poma mamellera</i> . En todos os casos, os nomes comúns fan referencia á forma do froito desta planta, similar ao dunha pera.
狐顔 <i>Kitsunegao</i>	Face de raposa	Úsase para describir un rostro estreito, de ollos xuntos, cellas finas e pómulos altos.
虎の威を借る狐 <i>Tora no i wo karu kitsune</i>	Unha raposa con pel de tigre	Dise dunha persoa que está protexida por alguén poderoso.

Como apuntabamos anteriormente, en Xapón existe a crenza de que as raposas son as causantes de fenómenos naturais estraños. Por iso, cando chove e vai sol á vez, dise que unha raposa está a casar (*Kitsune no yomeiri*).²⁵ Porén, esta UF está presente en numerosos idiomas: en italiano, dise *Quando piove con il sole, si sposa la volpe*; en éuscaro, *Azari ezkonta* ('casamento de raposos') ou *Azeriaren ezteiak* ('as vodas do raposo'); no español de Chile, cámbiase a voda por un bautizo: *Lluvia y sol, bautizo de zorro*, mentres que en Cuba desaparece o raposo, pero consérvase a idea: *Llueve con sol, se casa el diablo*. Ademais, como xa sinalamos, en portugués existe o refrán *Chuva con sol, casamento da raposa*, común tanto en Portugal como no Brasil, pero dun uso inusitadamente estendido neste último, quizais polos motivos xa expostos. En calquera caso, Vaux (2013) apunta a unha deidade celestial con forma de raposa da India prehistórica como orixe da relación entre a chuvía cando vai sol e estes animais. Segundo Vaux, esta crenza expandiuse a través da China e de Corea ata o Xapón, onde o raposo se converteu en embusteiro e deus do arroz, mais tamén se estendeu por Europa, o norte de África e a zona occidental de Asia, lugares onde a presenza da raposa non deixa de ser habitual. Pode que a idea teña a súa orixe na India, mais poderíamos aventurar que a UF provén do Xapón, pois Vaux tamén sinala que, antigamente, e ata a era Showa (1926-1989), no país do sol nacente as vodas non se celebraban nun lugar determinado, senón que se facía unha procesión: a imaxe das raposas en procesión durante a celebración mentres chove e vai sol ao seu paso, sumada á crenza de que as raposas só casarían en días "estraños" por seren seres liminares que se moven fóra das convencións sociais, explicarían a orixe da locución e a súa posterior diseminación a través das rutas comerciais establecidas en Asia e Europa.

Por outra parte, as dúas UF relacionadas coa gastronomía, *Kitsune iro* ('cor de raposa') e *Kitsuneyaki* ('Cociñar á raposa'), aportan datos relevantes sobre o tipo de raposas máis comúns no arquipélago: malia ser branco o raposo da deusa Inari, ambos os fraseoloxismos desvelan que o común no país é a raposa vermella, vista como dourada acastañada; de aí que cociñar algo ata alcanzar un brillo dourado reciba unha denominación que lembra á pelaxe da raposa.

En **inglés** (táboa 3), as bases consultadas ofrecen 16 resultados. Ao contrario que nos casos anteriores, a maior parte destas UF empréganse como adxectivos para tachar a alguén de argalleiro e pouco fiable (*crafty as a fox; cunning as a fox; sly as a fox...*). Ademais, en moitos casos, son variantes dunha mesma UF —xeralmente dun refrán—, a cal se adaptou para funcionar como locución substantiva, adxectiva ou verbal, como é o caso de *Don't let the fox guard the henhouse* e todas as súas variantes.

Aquí tamén atopamos unha UF positiva, *a fox in the box*, que se usa no ámbito futbolístico para referirse a un xogador ou xogadora en posición de dianteiro que marca numerosos goles. Esta locución contén o símbolo do raposo (astucia, intelixencia) e o termo *box*, que, na xerga futbolística, fai referencia á área de penalti. En consecuencia, se hai *unha raposa na caixa*, quere dicir que hai un moi bo xogador nesa área do campo, o que incrementa as posibilidades de marcar un gol.

²⁵ Para máis información sobre esta crenza, pódese consultar o conto tradicional "Kitsune no Yomeiri" recollido por Freeman-Mitford en 1871 na obra *Tales of Old Japan*.

Por outra parte, é destacable a aparición dunha locución substantiva pexorativa para as mulleres e de creación recente: *fox trap*, un coche modificado de xeito que, en teoría, faga que a persoa que o conduce pareza máis atractiva para as mulleres. Nesta UF, a raposa funciona como unha alegoría negativa da muller e o coche é a trampa na que cae; é máis, se observamos con detemento o fraseoloxismo, quen conduce un *fox trap* é un cazador, isto é, un predador, o que converte a muller-raposa na súa vítima.

Táboa 3. UF con *fox* ('raposo') en inglés²⁶

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
A fox in the box	Unha raposa na caixa	No fútbol, xogador/a en posición de dianteiro que marca numerosos goles. <i>Box</i> ('caixa') é o nome que recibe a área de penalti en inglés.
A stone cold fox	Unha raposa fría como o xeo	Persoa (especialmente, unha muller) moi atractiva.
Crafty as a fox	Astuto/a coma un raposo	Persoa excepcionalmente intelixente, enxeñosa ou astuta, especialmente cando se comporta de xeito enganoso ou ladino.
Crazy like a fox	Tolo/a coma un raposo	Persoa moi intelixente, enxeñosa ou astuta que parece inxenua ou tola.
Cunning as a fox	Arteiro/a coma un raposo	Persoa excepcionalmente intelixente, enxeñosa ou astuta, especialmente cando se comporta de xeito enganoso ou ladino.
Don't let the fox guard the henhouse	Non deixes que a raposa che garde o galiñeiro	Proverbio que recomenda non asignar a tarefa de protexer ou controlar información ou recursos valiosos a alguén que moi probablemente se vai aproveitar desa oportunidade.

²⁶ UF extraídas dos dicionarios McGraw-Hill, *The American Heritage Dictionary of Idioms*, Collins, Farlex e *Dictionary of Clichés* a partir da web recompiladora *The Free Dictionary* [<https://idioms.thefreedictionary.com/fox>].

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
Fox guarding the henhouse	Raposa que garda o galiñeiro	Persoa que moi probablemente vai explotar a información ou os recursos que lle pediron que protexese ou controlase.
Fox in the henhouse	Raposa no galiñeiro	Persoa con malas intencións.
Fox trap	Trampa para raposas	(argot) Coche modificado de xeito que, en teoría, fai que a persoa que o conduce pareza máis atractiva para as mulleres.
Fox's sleep	Sono da raposa	Estado de sono aparente (ou de finxida indiferenza) na que, en realidade, alguén é plenamente consciente de todo o que está a suceder ao seu redor. Alude á idea de que as raposas dormen cun ollo aberto e, por iso, están sempre preparadas para o que suceda.
No fox given	Importar unha raposa	(xerga) Expresión humorística derivada do xogo de palabras <i>no fucks given</i> (literalmente, 'importar unha merda'). Emprégase para facer énfase en que a alguén non lle importa algo en absoluto.
Shoot (one's) fox	Dispararlle á raposa (de alguén)	Sabotar ou frustrar os esforzos, plans ou ambicións dunha persoa mediante accións que os preveñan ou fagan redundantes.

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
Sly as a fox	Ladino/a coma un raposo	Persoa excepcionalmente intelixente, enxeñosa ou astuta, especialmente cando se comporta de xeito enganoso ou ladino.
Stone fox	Raposa de pedra	Persoa moi atractiva sexualmente (especialmente, unha muller).
The quick brown fox jumps over the lazy dog	A raposa, veloz e marrón, salta sobre o can lacazán	Oración que contén as 26 letras do alfabeto inglés ²⁷ .
Wily as a fox	Pícaro/a coma un raposo	Persoa excepcionalmente intelixente, enxeñosa ou astuta, especialmente cando se comporta de xeito enganoso ou ladino.

No caso do **alemán** (táboa 4) e do **sueco** (táboa 5), os dicionarios devolven moitos menos resultados. No primeiro caso, atopamos 6 fraseoloxismos, dos que tres fan referencia directa ao carácter astuto do raposo, como é o caso de *Alter Fuchs* ou ‘raposo vello’, que tamén engade o matiz da experiencia. A UF máis repetida nas obras consultadas é *Wo sich Fuchs und Hase gute Nacht sagen* (‘Onde o raposo e a lebre se desexan boas noites’), unha expresión que sinala o imposible —pois predador e presa son inimigos naturais— e, por conseguinte, a inexistencia dun lugar (‘no medio da nada’).

Táboa 4. UF con *Fuchs* (‘raposo’) en alemán²⁸

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
Alter Fuchs	Raposo vello	Persoa astuta e con grande experiencia.
Ein schlauer Fuchs sein	Ser un raposo astuto	Ser unha persoa astuta.
Fuchsteufelswild	Salvaxe-demo-raposo	Moi enfadado, feito un basilisco.
Schlau wie ein Fuchs	Listo como un raposo	Excepcionalmente intelixente, enxeñoso ou astuto.

²⁷ Neste caso, o significado non é figurado nin literal; esta oración é un pangrama que adoita utilizarse para avaliar a destreza das e dos mecanógrafos.

²⁸ UF extraídas de *Deutsch-Englisch-Wörterbuch* [<https://www.dict.cc/?s=Fuchs>], *Matterhorn's Ultimate Glossary of German Idioms* [<https://matterhornlanguages.com/german-idioms/>] e *Leo* [<https://dict.leo.org/german-english/Fuchs>].

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
Wenn der Fuchs predigt, schau auf die Gänse	Cando o raposo predica, vixía os gansos	Proverbio que recomenda ser precavido coas intención ocultas dos consellos dalgunhas persoas, pois poden agochar propósitos egoístas.
Wo sich Fuchs und Hase gute Nacht sagen	Onde o raposo e a lebre se desexan boas noites	No medio da nada.

No caso do **sueco**, apareceron nove resultados. Como nos casos anteriores, case todos fan referencia ao carácter astuto e embusteiro do animal (*En räv bakom örat* ou ‘un raposo detrás da orella’; *Att sätta räven att vakta gäss* ou ‘poñer a raposa a coidar dos gansos’ etc.). Outro aspecto salientable é que no sueco se explicita que oír a raposa é un mal presaxio (*Att höra en räv skälla*) ou que esta adoita finxir para saír coa súa (*Att sova räv*). Finalmente, como xa se mencionou anteriormente, a influencia da literatura na xeración de UF de uso común queda patente no sueco, onde dous dos proverbios recollidos proveñen dunha fábula de Esopo (“*Surt*”, *sa räven om rönnbären*) e dun conto tradicional sueco (*Släkten är värst sa räven om de röda hundarna*).

Táboa 5. UF con räv (‘raposo’) en sueco²⁹

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
Att höra en räv skälla	Oír ganir á raposa	Sentir un mal presaxio.
Att sätta räven att vakta gäss	Poñer a raposa a coidar dos gansos	Asignar unha tarefa importante (xeralmente, de protexer algo valioso) a alguén que moi probablemente se vai aproveitar desa oportunidade.
Att sova räv	Durmir raposo	Facerse o/a morto/a.
En gammal räv	Raposa vella	Persoa con moita experiencia que coñece todos os trucos para facer algo e que non dubida en usalos.

²⁹ UF extraídas de *Omniglot* [<https://omniglot.com/language/idioms/swedish.htm>], *The Gold Scales* [<http://oaks.nvg.org/swedish-proverbs.html>], *Nordiska Museet* [<https://www.nordiskamuseet.se/blogg/folkloristen-berattar/en-rav-bakom-orat>] e Colin (2005).

Unidade fraseolóxica (UF)	Tradución literal	Significado
En räv bakom örat	Un raposo detrás da orella	Persoa astuta e pouco fiable.
I brist på höns tar räven kråkor	Cando non hai galiñas, a raposa caza corvos	Indica a necesidade de solucionar un problema dalgún xeito.
Listig som en räv	Astuto/a coma unha raposa	Excepcionalmente intelixente, enxeñoso ou astuto; dise especialmente cando alguén se comporta de xeito enganoso ou ladino.
Släkten är värst sa räven om de röda hundarna	“A familia é o peor”, dixo o raposo dos cans roibos	Proverbio que ridiculiza a persoa que critica un defecto propio nos demais. Provéen da obra <i>Ordspråk, Sanna språk – 6,500 bevingade ord ur folkets mun samlade af G. A. L.</i> , un compendio de fraseoloxía realizado por Lindgren en 1889.
“Surt”, sa räven om rönnbären	“Agres”, dixo a raposa das sorbas	Proverbio orixinado na fábula de Esopo “A raposa e as uvas” (“Räven och druvorna”, en sueco). Úsase para sinalar a alguén que se xustifica por non lograr aquilo que quería.

En **español** (táboa 6), os diversos dicionarios consultados devolven 25 resultados. Como ocorría no caso do xaponés, moitas das UF (7) son denominacións comúns de animais e plantas, como *zorra de mar* —un tipo de escualo—, *zorra mochilera* ou *sarigüé*, *zorro hediondo* ou *mofeta* e mesmo *cola de zorro*, un tipo de planta subacuática.

Así mesmo, algunhas UF destacan o carácter manipulador e trampón do animal, como é o caso de *testamento de la zorra*, un testamento no que se deixan en herdanza bens que non se posúen, e *hacerse alguien el zorro*, é dicir, aparentar ignorancia ou distracción. Noutros casos, alúdese á forma física do animal. Así, en *estar alguien hecho un zorro* (ter moito sono; estar canso...) e en *estar alguien hecho unos zorros* (estar maltreito ou cansado) ofrécese unha imaxe do raposo ben diferente á do animal astuto e pícaro que establecen outros fraseoloxismos. De acordo con López (2012), os raposos empregan

a súa cola para varrer o chan e borrar as súas pegadas; a forma desta cola facíaa moi axeitada para os plumeiros, polo que era habitual que, antigamente, esta ferramenta para limpar o po estivese feita de rabo de raposo e, de aí, que recibise o nome de *zorros*.

Outro elemento destacable da análise das UF en español é a gran cantidade de refráns e proverbios (7) recollidos nas obras consultadas, en comparación cos resultados das outras linguas. En xeral, estas UF sitúan a raposa nunha mala posición para mostrar a necesidade de facer unha determinada actividade que nos evite acabar do mesmo xeito, como é o caso de *A raposo durmiente no le amanece gallina en el vientre*.

Táboa 6. UF con zorro/a, raposo/a en español³⁰

Unidade fraseolóxica (UF)	Observacións	Significado
(1) Cola de zorra (2) Rabo de raposa	Tamén coñecida como <i>flecós de lana</i> ou <i>carricera</i>	<i>Polypogon monspeliensis</i> ou <i>Alopecurus monspeliensis</i> . En galego, <i>rabo de raposa</i> ; en italiano, <i>cola di lepre comune</i> ; e, en catalán, <i>cua de rata</i> ou <i>pelosa</i> . Planta gramínea de distribución mediterránea.
(1) Desollar alguen la zorra (2) Dormir alguen la zorra	Tamén <i>desollar/dormir alguen el lobo</i>	Dormir mentres dura unha borracheira.
(1) Zorra de mar (2) Pez zorro		<i>Alopias vulpinus</i> . Escualo cuxa principal característica é a lonxitude da parte superior da súa aleta caudal. En galego, coñécese como <i>raposo do mar</i> ou <i>peixe raposo</i> .
A raposo durmiente no le amanece gallina en el vientre		Refrán que alerta de que a persoa que descoida o que lle importa non consegue ningún beneficio.

³⁰ UF extraídas de Carbonell Basset (2000) e do dicionario da Real Academia Española (RAE).

Unidade fraseolóxica (UF)	Observacións	Significado
Cola de zorro	Tamén coñecida como <i>bejuquillo</i> , <i>mil hojas de agua</i> ou <i>pinito de agua</i>	<i>Ceratophyllum demersum</i> . Planta acuática perenne de rexións tépedas ou tropicais, moi común en acuarios e estanques.
Cuando falta la piel del león, es preciso tomar la de la zorra		Refrán que indica a necesidade de conformarse co que hai, a falta de algo mellor. En galego, <i>O que non ten unllas mete cuñas</i> ou <i>O que ten maña apaña</i> .
Cuando la zorra anda a caza de grillos, mal para ella y peor para sus hijos		Refrán que se emprega cando, en tempos de fame e pobreza, se fai uso de remedios pouco efectivos. En galego, <i>Mal lle vai aos gatos cando andan aos gorrións</i> , <i>Cando a gaivota se achega ao labrador</i> , <i>mal lle vai ao pescador</i> ou <i>Mal lle vai ao raposo cando anda aos grilos (ou aos ovos)</i> .
Cuando la zorra predica no están seguros los pollos	Son sinónimos os refráns <i>Cuando el lobo predica, que se escondan los corderos</i> e <i>Cuando el diablo reza, engañarte quiere</i>	Refrán que resalta a necesidade de ser precavidos ante o comportamento pouco usual dunha persoa porque é probable que obedeza a intereses ocultos que nos afectarán negativamente. En galego, entre os equivalentes destacan <i>Cando o demo reza</i> , <i>algunha cousa quere</i> ou <i>Boca de mel e mans na fel</i> .

Unidade fraseolóxica (UF)	Observacións	Significado
Estar alguen hecho un zorro		Ter moito sono e non poder espertar ou despexarse. / Estar canso e pesado.
Estar hecho/a unos zorros		Dise dunha persoa ou animal para indicar que está maltreito ou cansado. Dise dunha cousa para indicar que está moi deteriorada ou en mal estado.
Hacerse alguen el zorro		Aparentar ignorancia ou distracción.
La zorra muda de pelo, pero no de genio		Refrán que sinala a dificultade que teñen as persoas de cambiar o carácter ou os costumes.
Lluvia y sol, bautizo de zorro		Chover e ir sol ao mesmo tempo.
Mucho sabe la zorra, pero más el que la toma	Co mesmo sentido, existe o refrán <i>Mucho corre la liebre, pero más el galgo, pues la prende</i>	Refrán que sinala que é preciso non confiarse das habilidades dun, porque sempre haberá alguén que as supere.
No hay zorra con dos rabos		Expresión que indica a imposibilidade de atopar algo único que se extinguiu física ou moralmente.
No ser la primera zorra que alguien ha desollado		Estar unha persoa acostumada a facer algo
No tener ni zorra (idea)		Non ter nin idea; ignorar algo por completo.
Pillar una zorra		Embriagarse.
Testamento de la zorra		Testamento no que se deixan en herdanza bens que non se posúen.
Zorra mochilera	En español, tamén <i>zarigüeya</i>	Sarigüé ou sarigüeia.
Zorro (viejo)		Home astuto e con grande experiencia.

Unidade fraseolóxica (UF)	Observacións	Significado
Zorro hediondo		Mofeta.

A última lingua analizada é o **galego** (táboa 7). Das 27 UF, 11 son refráns e proverbios: moitos son coincidentes co castelán, como sucede con *Ao raposo *durmente non lle amence galiña no dente* e as súas variantes (*Á raposa durmida non lle cae nada na boca nin na barriga*; *Raposo que moito dorme nunca boa galiña come* etc.), mais tamén algún coincidente con outras linguas, como é o caso de *Os fillos do raposo todos cheiran ao *farume*, onde “farume” é un lusismo (Estraviz).

A imaxe da raposa na fraseoloxía galega é bastante similar ao do resto das linguas estudadas: é un animal hipócrita (“*Pobriñas! Ábrenvos tarde e non comedes*”, *díxolles o raposo ás galiñas*), de carácter furtivo (*como o raposo na capoeira*), con malas intencións (*ter máis intención que un raposo axexando unha pita*) e ao que lle gusta finxir (*facer o durmido como as raposas*). Non obstante, introdúcese unha nova característica: a raposa é mañosa (*ter máis mañas que sete raposas*), mais a súa intelixencia ten límites (*Se o raposo fose tan listo como din, non se sabía*). Ademais, ao igual que as UF analizadas anteriormente suxerían que a raposa era inimiga de cans e *tanukis*, as UF do galego confirman que a súa principal presa son as pitas (10 das UF fan referencia directa a este animal) —algo que xa suxerían algunhas das UF do chinés ou do inglés—, mentres que en alemán esta ave é substituída polos gansos.

Táboa 7. UF con raposo/a en galego³¹

Unidade fraseolóxica (UF)	Observacións	Significado
(1) Cando non hai can, o raposo é capitán (2) Onde non hai can, o raposo é capitán		Refrán que indica que, cando non está a persoa que mantén a orde nun lugar, a persoa que máis problemas causa ponse ao mando.
“¡Pobriñas! Ábrenvos tarde e non comedes”, díxolle o raposo ás galiñas		Refrán que sinala a hipocrisía dunha persoa, que finxe compadecerse doutra por unha situación cando, en realidade, só busca o seu propio beneficio.

³¹ UF extraídas do dicionario da Real Academia Galega (RAG), de Martíns Seixo (2000) e de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000-2021).

Unidade fraseolóxica (UF)	Observacións	Significado
Á raposa durmida non lle cae nada na boca nin na barriga		Refrán que alerta de que a persoa que descoida o que lle importa non consegue ningún beneficio.
A raposa mudará os dentes mais non as mentes		Refrán que sinala a imposibilidade de mudar o carácter ou os costumes.
Ao raposo *durmente non lle amence galiña no dente		Refrán que alerta de que a persoa que descoida o que lle importa non consegue ningún beneficio.
Caer como raposo na gramela		Ser cazado/a; caer nunha trampa.
Cansado/a coma un raposo (de arrastrar o rabo)		Estar moi cansa unha persoa. Ferro Ruibal (2004: 77-78) explica que as raposas varren “o chan co rabo para borra-las súas propias pisadas e ese exercicio si que debe de cansar moito”.
Casa a raposa		Expresión que se emprega cando chove e sae o sol ao mesmo tempo ou cando sae o arco da vella.
Chícharo de raposo		<i>Lupinus angustifolius</i> . Planta herbácea común na zona mediterránea. En asturiano, coñécese co nome de <i>altramuz azul</i> .
Como o raposo na capoeira		Facer algo furtivamente.
Deixar o raposo sen rabo		Esaxerar moito.
Facer as voltas coma o raposo ás galiñas		Emprégase para sinalar a perigosidade de alguén, que resulta ameazante e que pode chegar a acosar ou atacar outra persoa.

Unidade fraseolóxica (UF)	Observacións	Significado
Facer o durmido como as raposas		Finxir.
Non sabe o raposo das galiñas que dormen fóra		Expresión que se usa cando alguén se libra dunha situación que podería ser perigosa.
O que é fillo de raposo ou de lobo castizado ha de saír aos seus pais nas orellas ou no rabo	Co mesmo significado, existe a UF <i>Ou nas unllas ou nos pés has de tirar a quen es</i> . Tamén podería equivaler en galego a <i>De tal pau, tal racha</i> ou <i>De tal pano, tal saia</i> .	Refrán que expresa que os fillos sempre se parecen aos pais.
Os fillos do raposo todos cheiran ao *farume		Refrán que expresa que os fillos sempre se parecen aos pais.
Pan de raposo	Sinónimos: <i>pan de cobra</i> ou <i>pan de sapo</i>	Cogomelo.
Poñer o raposo a tornar das galiñas		Encargarlle unha tarefa a alguén que se vai aproveitar da situación.
Quedar (algo) (a alguén) como o rabo á raposa		Dise cando algo lle acae moi ben a unha persoa; sentarlle algo moi ben a alguén.
Raposo de mar	Sinónimo: <i>camarín</i> ou <i>peixe raposo</i>	<i>Alopias vulpinus</i> . Escualo cuxa principal característica é a lonxitude da parte superior da súa aleta caudal.
Raposo preguiceiro chega tarde ao galiñeiro		Refrán que alerta de que a persoa que descoida o que lle importa non consegue ningún beneficio.
Raposo que moito dorme nunca boa galiña come		Refrán que alerta de que a persoa que descoida o que lle importa non consegue ningún beneficio.

Unidade fraseolóxica (UF)	Observacións	Significado
Reunión de raposas, perdición de galiñas		Proverbio que alude a un grupo de persoas que están a tramar algo contra alguén.
Se o raposo fose tan listo como din, non se sabía		Proverbio que expresa que as persoas máis intelixentes son as que ocultan a súa intelixencia.
Ter máis intención que un raposo axexando unha pita		Ter malas intencións.
Ter máis mañas que sete raposas		Ser moi hábil.

En galego tamén se presenta a idea alterizante da imposibilidade de mudar os costumes (*A raposa mudará os dentes mais non as mentes*) e a de que *Tira a racha á madeira, queira o Demo ou non queira*, isto é, a de que pais e fillos sempre se parecerán aínda que non o queiran (*O que é fillo de raposo ou de lobo castizado ha de saír aos seus pais nas orellas ou no rabo*) (ver exemplo 1). Así mesmo, como ocorría con linguas como o portugués, o italiano ou o éuscaro, en galego tamén hai unha UF que fai referencia ao *kitsune no yomeiri* do xaponés: *Casa a raposa*, locución que, como ocorre nas demais linguas, se emprega cando chove e vai sol á vez (ver exemplo 2).

(1) **GL.** *Os fillos do raposo todos cheiran ao *farume* | **GL.** *O que é fillo de raposo ou de lobo castizado ha de saír aos seus pais nas orellas ou no rabo* | **XP.** 狐の子は頬白 *Kitsune no ko wa tsurajiro* {As crías de raposo teñen as meixelas brancas}

(2) **GL.** *Casa a raposa* | **XP.** *Kitsune no yomeiri* {Voda de raposo} | **ES.** *Lluvia y sol, bautizo de zorro* | **IT.** *Quando piove con il sole, si sposa la volpe* | **EU.** *Azari ezkonta* | **EU.** *Azeriaren ezteiak* | **PT.** *Chuva con sol, casamento da raposa*

4. Conclusións

Os raposos son seres liminares: tenden a vivir preto das zonas rurais e a miúdo entran en galiñeiros, faiados e outros espazos habitados polo ser humano, mais resistense a seren domesticados. A súa presenza é constante en todo o hemisferio norte, pero en ningún momento se consideran “centrais” na vida cotiá. Protagonizan numerosas historias, mais nunca se salientan as súas virtudes, mesmo cando os seus actos son positivos.³²

³² Confróntese a imaxe do raposo coa do lobo, un animal salvaxe que tamén se resiste á domesticación e en cuxa representación simbólica, non obstante, non é raro atopar algunhas características positivas (nobreza, vitoria, valentía...), algo que se lle nega á raposa. Quizais isto sexa debido á intelixencia e astucia deste último animal e mesmo poderíamos aventurar que a súa asociación ao feminino podería reforzar esta representación discriminatória.

En definitiva, a non-pertenza ao “Nós”, isto é, a insubmisión ao ser humano, fixo da raposa un elemento perigoso, difícil de controlar e, por conseguinte, condenado ao ostracismo. O símbolo deste animal non comparte con exactitude as mesmas claves en todas as culturas, pero as características esenciais son case-universais: as raposas son vistas como mentireiras, falcatrueiras, astutas, intelixentes (aínda que con limitacións), capaces de aproveitar todas as oportunidades que se lles presentan, mais moi precavidas, e adoitan estar relacionadas co feminino —ben pola súa forma de ser, ben pola súa capacidade metamórfica, grazas á cal se transforman en mulleres de gran beleza que enganan os homes (Schmidt, 2010: 12-13, 20)—.

Culturas como a xaponesa parecen mostrar unha visión máis positiva ou neutra do animal, mentres que a inglesa ou a chinesa tenden a destacar aspectos negativos. Por outra parte, en galego está presente en numerosos proverbios e refráns, o que podería suxerir que a raposa ten unha relación máis estreita con esta cultura que, por exemplo, coa sueca ou a alemá, onde as UF atopadas son moitas menos e, en ocasións, provenientes doutras culturas ou tradicións literarias (como é o caso dos proverbios orixinados nas fábulas de Esopo). Con todo, é conveniente ter en conta que o material extraído das diversas obras consultadas podería non ser o suficientemente representativo, polo que sería necesario traballar cunha mostra máis ampla para verificar a fiabilidade desta hipótese.

Por outra parte, a análise da posible orixe de *Kitsune no yomeiri* e a observación da existencia de UF similares en distintas linguas (mesmo en zonas onde os raposos non son comúns) podería indicar que as rutas comerciais establecidas con Asia —como serían a Ruta da Seda ou os itinerarios establecidos polas diferentes compañías das Indias Orientais— serviron para espallar estas expresións por todo o mundo, mesmo cando as crenzas que as orixinaron non eran compartidas. Sen deixar de lado a difusión de fraseoloxismos, o carácter transcultural dos valores do símbolo tamén resulta interesante: como puidemos observar, o raposo mudou a súa forma á dun coiote nalgúns zonas de América nun proceso de paratradución case espontáneo no que este animal autóctono —moi común en América e cun carácter de sobra coñecido— adoptou as características básicas do raposo da tradición europea, mesturándoas coas súas propias, para converterse nun símbolo novo a medio camiño entre o propio (o coiote/América) e o alleo (o raposo/Europa).

En definitiva, todo parece apuntar a que a alteridade que conforma a percepción que se ten do raposo e, por extensión, aos fraseoloxismos nos que se presenta este animal vén causada ou, cando menos, fomentada pola domesticación: os animais submisos, que aceptaron supeditarse ao ser humano, como o can, adoitan ser un símbolo de bondade, mentres que os animais salvaxes, carnívoros (ben predadores de humanos, ben competidores polos recursos e alimentos), que non cumpren as normas impostas de forma consciente e, polo tanto, son rebeldes, aparecen representados como símbolos do mal e deben ser rexeitados e ata temidos. Por iso, raposos e lobos son símbolo dos marxinaos, dos estranxeiros, das persoas que viven fóra da sociedade..., é dicir, de xente que, por un motivo ou outro, non segue as normas socioculturais impostas ou

foi expulsada do grupo dominante por non ser considerada digna de pertencer a el. A raposa representa o "Outro", de aí a súa capacidade metamórfica, pois isto permítille adoptar a forma de quen ela queira, ben sexa dunha fermosa muller ou dun estranxeiro incapaz de falar correctamente o idioma.

Actualmente, e como paradigma do poder que ten a cultura para moldear identidades, existe unha forte tendencia a revisar os contos clásicos e a cuestionar a imaxe que se ten de determinadas personaxes ou arquetipos para xerar novas historias a partir da intertextualidade, algo que podemos observar nas novas versións dos clásicos de Disney, nas adaptacións *anime* contemporáneas do folclore nipón e mesmo nas reformulacións de contos tradicionais que despoñan o orixinal de todo o seu sentido primixenio para tomar só como referencia determinados tropos que, en ocasións, nin tan sequera son representativos da historia que se está a reversionar (Brugué e Llompart, 2020; Quintairos-Soliño, 2020b; Ojeda García e Quintairos-Soliño, 2021). Este fenómeno podería chegar a alcanzar con forza a figura do raposo, quen xa se liberou de certos prexuízos con películas como *Robin Hood* de Disney, ao igual que sucedeu na década de 2010 coa figura do vampiro ou, mais recentemente, coas personaxes de Loki ou Maléfica. De mudar esta percepción sobre a raposa de xeito radical, sería verdadeiramente interesante observar como as transformacións contemporáneas do símbolo afectan aos fraseoloxismos existentes, así como a forma en que se xeran UF novas.

En calquera caso, como dicíamos, o alcance desta investigación é limitado e non pode considerarse representativa. Sería necesario ampliar a mostra, tanto no que se refire ao número de linguas como no referente á cantidade de UF analizadas, e tamén sería imperante observar o comportamento das UF sobre outros animais, como poderían ser o lobo ou o can, á luz da súa evolución histórica: Confirmárase o nesgo por alteridade? Como funcionarán os mecanismos polos que se discrimina os animais salvaxes? Que ocorre cos animais domésticos? etc. A fraseoloxía que arrodea o raposo parece suxerir unha serie de respostas que xa fomos debullando ao longo destas páxinas, pero sería conveniente ampliar o foco para confirmar as hipóteses aquí suxeridas. Quizais, unha vez determinadas as implicacións da nosa percepción destes animais e xa coñecido o que "dicimos" do raposo, poidamos oír o "Outro" libres de prexuízos e retomar a cuestión coa que comezamos: *What does the fox say?*

5. Referencias bibliográficas

5.1. Obras primarias

- AHLSTRÖM, Kim; AHLSTRÖM, Miwa e PLUMMER, Andrew: *Jisho*, <https://www.jisho.org> [Data de consulta: 20 de xuño de 2021].
- CARBONELL BASSET, Delfín (2000): *Gran diccionario del argot: el sohez de autoridades del español cotidiano, popular, familiar, coloquial, grosero y malhablado, con eufemismos, insultos, clichés, solecismos, barbarismos, ñoñerías, jergas y piadosismos*. Barcelona: Larousse.

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

- (2000a): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 1: Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2000b): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 2: Refraneiro galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2003a): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 3: Achegas para un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2003b): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 4: Estudos e recadávivas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2003c): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 5: Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2004): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 6*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2005): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 7*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2006): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 8*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2007): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 9*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2008): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 10*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2009): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 11*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2010): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 12*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2012): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 13*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2013): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 14*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2014): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 15*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2015): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 16*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2016): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 17*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2017): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 18*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2019): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 19*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2021): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 20*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- CHEN, Yantian; ZHOU, Kuijie e LIN, Hong'en (eds.) (1991): *Practical Thesaurus. Yòng jìnyìcí cǐdiǎn*. Hong Kong: Haifeng.

- COLIN, Nathalie (2005): *English and Swedish Animal Idioms: A Study of Correspondence and Variation in Content and Expression* [tese doutoral]. Linköpings Universitet.
- ESTRAVIZ: *Dicionário Estraviz*, <https://estraviz.org/Farume> [Data de consulta: 28 de xuño de 2021].
- HEMETSBERGER, Paul (2005): *Deutsch-Englisch-Wörterbuch*, <https://www.dict.cc/?s=Fuchs> [Data de consulta: 9 de xuño de 2021].
- KINNES, Tormod (2019): "Swedish Proverbs and Sayings", en *The Gold Scales*, <http://oaks.nvg.org/swedish-proverbs.html> [Data de consulta: 5 de xuño de 2021].
- LEO: *LEOs Wörterbücher – Spanisch-Deutsch*, <https://dict.leo.org/german-english/Fuchs> [Data de consulta: 9 de xuño de 2021].
- LOBB, Fred (2014, 31 de outubro): "Some Chinese Proverbs and Lore About Foxes", en *Chinese Folktales*, <http://chinesefolktales.blogspot.com/2014/10/some-chinese-proverbs-and-lore-about.html> [Data de consulta: 9 de xuño de 2021].
- MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo (2000): *Dicionario fraseolóxico galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- MATTERHORN: "The ultimate glossary of German idioms (and their English translations)", en *Matterhorn Languages*, <https://matterhornlanguages.com/german-idioms/> [Data de consulta: 9 de xuño de 2021].
- NORDISKA MUSEET (2014, 21 de agosto): "En räv bakom örat", en *Nordiska Museet - Blog: Folkloristen berättar*, <https://www.nordiskamuseet.se/blogg/folkloristen-berattar/en-rav-bakom-orat> [Data de consulta: 12 de xuño de 2021].
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Diccionario de la Real Academia Española*, <https://dle.rae.es/> [Data de consulta: 13 de xuño de 2021].
- REAL ACADEMIA GALEGA: *Dicionario da Real Academia Galega*, <https://academia.gal/inicio> [Data de consulta: 14 de xuño de 2021].
- THE FREE DICTIONARY: *Collins COBUILD Idioms Dictionary*, 3rd ed. (2012), <https://idioms.thefreedictionary.com/fox> [Data de consulta: 1 de xuño de 2021].
- Farlex Dictionary of Idioms* (2015), <https://idioms.thefreedictionary.com/fox> [Data de consulta: 1 de xuño de 2021].
- Farlex Partner Idioms Dictionary* (2017), <https://idioms.thefreedictionary.com/fox> [Data de consulta: 1 de xuño de 2021].
- McGraw-Hill Dictionary of American Idioms and Phrasal Verbs* (2002), <https://idioms.thefreedictionary.com/fox> [Data de consulta: 1 de xuño de 2021].
- McGraw-Hill's Dictionary of American Slang and Colloquial Expressions* (2006), <https://idioms.thefreedictionary.com/fox> [Data de consulta: 1 de xuño de 2021].
- The American Heritage Dictionary of Idioms by Christine Ammer* (2003), <https://idioms.thefreedictionary.com/fox> [Data de consulta: 1 de xuño de 2021].
- The Dictionary of Clichés* (2013), <https://idioms.thefreedictionary.com/fox> [Data de consulta: 1 de xuño de 2021].
- YUKARI (2013, 6 de xullo): "Doubutsu: Animal Related Expressions in Japanese and many more...", en *Maggie Sensei*, <https://www.shorturl.at/swDHI> [Data de consulta: 20 de xuño de 2021].

5.2. Obras secundarias

- ANDERS, Valentín (1999-2020): *Diccionario etimológico castellano en línea*, <http://etimologias.dechile.net/> [Data de consulta: 6 de agosto de 2021].
- BARÁNOV, Anatolij e DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Tradución de Fernando de Castro. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- BOSS, Aaron (2020): *An Analytical Comparison of Foxes within European and Japanese Beast Tales* [traballo de fin de mestrado]. University of British Columbia.
- BRUGUÉ, Lydia e LLOMPART, Auba (2020): “The Strongest of the Fairies: Reworking Gender and Villainy in Walt Disney’s Maleficent”, en BRUGUÉ, Lydia e LLOMPART, Auba (eds.), *Contemporary Fairy-Tale Magic: Subverting Gender and Genre*. Leiden: Brill, 107-115.
- CHAN, Leo Tak-Hung (1998): *The Discourse on Foxes and Ghosts: Ji Yun and Eighteenth-Century Literati Storytelling*. Honolulu: University of Hawai’i Press.
- CHIANG, Sing-Chen Lydia (2005): *Collecting the Self: Body and Identity in Strange Tale Collections of Late Imperial China*. Leiden: Brill.
- DAVISSON, Zack (2013, 19 de xullo): “Kitsune no Yomeiri – The Fox Wedding”, en *Hyakumonogatari Kaidankai*, <https://hyakumonogatari.com/2013/07/19/kitsune-no-yomeiri-the-fox-wedding/> [Data de consulta: 19 de xuño de 2021].
- DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij e PIIRAINEN, Elisabeth (2005): *Figurative Language: Cross-Cultural and Cross-Linguistic Perspectives*. Ámsterdam, Londres, Nova York: Elsevier.
- FERRO RUIBAL, Xesús (2004): “Explicitación e implícitación fraseolóxica: notas galegas”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 6, 57-80.
- FREEMAN-MITFORD, Algernon Bertram (1871/2004): *Tales of Old Japan*, Project Gutenberg, <https://www.gutenberg.org/files/13015/13015-h/13015-h.htm> [Data de consulta: 21 de xuño de 2021].
- HERITAGE OF JAPAN (2014, 19 de abril): “The Foxes’ Wedding — a weather or ghostly phenomenon, an astronomical and shrine ritual”, en *Japanese Mythology & Folklore*, <https://japanesemythology.wordpress.com/2014/04/19/the-foxes-wedding-a-weather-astronomical-seasonal-precession-or-ghostly-phenomenon-and-a-shrine-ritual/> [Data de consulta: 21 de xuño de 2021].
- HUNGTINTON, Rania (2003): *Alien Kind: Foxes and Late Imperial Chinese Narrative*. Leiden: Brill.
- LÓPEZ, Alfred (2012, 7 de decembro): “¿De dónde proviene la expresión ‘Estar hecho unos zorros’?”, en *20 minutos*, <https://blogs.20minutos.es/yaestaellistoquetodolosabe/de-donde-proviene-la-expresion-estar-hecho-unos-zorros/> [Data de consulta: 25 de xuño de 2021].
- MATHESON, Richard (1997): “Foxes and People: Mythology, Folklore and Literature”, en *Mynarski: Liska’s EncycVulpedia*, <http://mynarskiforest.purrsia.com/ev29myth.html> [Data de consulta: 26 de xuño de 2021].
- MISFELDT, Abigail (2020): *To what extent has the relationship between humans and red foxes (vulpes vulpes) evolved throughout history?* [traballo de fin de grao]. University of Nebraska.

- OJEDA GARCÍA, Francisco Miguel e QUINTAIROS-SOLIÑO, Alba (2021): "El cuento más allá de la tradición literaria: el *Taketori Monogatari* como paradigma de la globalización de referencias culturales", en *Cultura, Lenguaje y Representación*, 25, 265-284, <https://doi.org/10.6035/clr.2021.25.15>.
- ORTIZ ALVAREZ, Maria Luisa (2021): Léxico, identidade e discurso nas expresións idiomáticas brasileiras, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 21, 65-92, <https://doi.org/10.52740/cfg.21.21.03.00004>.
- PASION, Adam (2015, 5 de agosto): "The Fox's Wedding", en *Japan Daily*, <https://japandaily.jp/the-foxs-wedding-1239/> [Data de consulta: 20/06/2021].
- POOLE, Kristopher (2015): "Foxes and Badgers in Anglo-Saxon Life and Landscape", en *Archaeological Journal*, 172:2, 389-422, <https://doi.org/10.1080/00665983.2015.1027871>.
- QUINTAIROS-SOLIÑO, Alba (2020a): "La representación del 'otro cultural' en Japón: El caso de Detective Conan e InuYasha", en *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, 18, 63-86, <https://doi.org/10.35869/ailij.v0i18.2715>.
- (2020b): "Contemporary Japanese Folktales Represented in Anime: the Paradigmatic Case of InuYasha", en BRUGUÉ, Lydia e LLOMPART, Auba (eds.), *Contemporary Fairy-Tale Magic: Subverting Gender and Genre*. Leiden: Brill, 273-285, https://doi.org/10.1163/9789004418998_027.
- (no prelo): "Cuando el símbolo se malinterpreta: paratraducir Japón al margen de dinámicas orientalistas", en GARRIDO VILARIÑO, Xoán Manuel e YUSTE FRÍAS, José (eds.): *Traducción & Paratraducción (T&P): Líneas de investigación*, Berlín: Peter Lang.
- RODRÍGUEZ VALLE, Nieves (2014): "De lobos, zorros y... coyotes: leyendas, cuentos y refranes de la literatura medieval que atravesaron el Atlántico", en *Medievalia*, 46, 84-92.
- SCHMIDT, Lauren Noelle (2010): *East Asian Folk Legends: Read at Your Own Risk, Possession Possible* [tese doutoral]. Miami University.
- UTHER, Hans-Jörg (2006): "The Fox in World Literature: Reflections on a 'Fictional Animal'", en *Asian Folklore Studies*, 65, 133-160.
- VAUX, Bert (2013): *Towards a geography of folkloric motifs: the case of the sunshower in Armenia and beyond*. [Conferencia], <http://shorturl.at/eowxL> [Data de consulta: 20 de xuño de 2021].
- WALFORD, Clea (2008): *Between Heaven and the Underworld: the Individual and Social Order in the Yuewei caotang biji by Ji Yun (1724-1805)* [tese doutoral traducida], <https://sites.google.com/site/yueweicaotangbiji/Ji-Yun/fox> [Data de consulta: 23 de xuño de 2021].
- WIKIWAND: "Kitsune no yomeiri", https://www.wikiwand.com/en/Kitsune_no_yomeiri [Data de consulta: 19 de xuño de 2021].
- ZHIQIANG, Ren (2014): *Zhōngguó gǔdài hú jīng gùshì yánjiū* [tese doutoral]. Universidade de Shandong, <https://shorturl.at/fqyKN> [Data de consulta: 16 de xuño de 2021].